

TEMA 8

INNOVACIÓNS CARA O GÓTICO. OS MOSTEIROIS CISTERCIENSES EN GALICIA. OSEIRA.

1. A arte cisterciense


- 1.1. Orixe da arte do Císter e primeiras innovacións cara o gótico.
- 1.2. O mosteiro tipo

2. Os mosteiros do Císter en Galicia

- 2.1. A igrexa dos mosteiros do císter. Características.
- 2.2. Os claustros e as sala capitulares.

3. A igrexa do mosteiro de Oseira. Práctico.

A **comezos do século XII** (coincidindo coa plenitude do románico galego) en territorio francés xurdiron as **primeiras manifestacións arquitectónicas** que anunciaban os cambios cara a un novo estilo, **o gótico**, consecuencia das transformacións económicas, sociais, políticas, culturais e relixiosas que vimos no contexto histórico do tema anterior.



No **século XII**, o **crecemento das poboación** levou a un **rexurdimento das cidades**. Os seus habitantes, antigos servos dos feudos señoriais, sentíronse libres e orgullosos da súa independencia. Este orgullo plasmáronno nos seus edificios entre os que sobresaíron as **novas catedrais urbanas**. Non había cidade que non competise por

construír a máis fermosa e a máis esvelta de todas.


A **mediados do século XII**, as macizas construcións románicas comezaron a ser **sustituídas por grandes e esveltas igrexas** que se levantaban, **preferentemente nas cidades** que salpicaban o territorio europeo. Son as **grandes catedrais góticas**, financiadas, ademáis de polos **nobres e os grandes abades**, polos **novos grupos gremiais**. As construcións góticas estiveron ligadas á aparición dun novo grupo social: a **burguesía**.





O gótico como estilo constructivo, apareceu no ano **1140** unido **edificación dun mosteiro** algo habitual durante o período alto medieval debido á **influencia que a vida monástica exercía na sociedade e no pensamento** do momento.

No ano **1140** estalou unha **disputa** entre dous grandes abades franceses: el **abad Suger** e o **abad Bernardo de Claraval**, superior da orden do Císter, manifestaron **posturas enfrentadas** sobre o que debía ser o **espírito** dunha **construción dedicada o servicio de Deus**. Según **Suger**, unha **edificación que lembre a beleza de Deus axuda**, mediante a súa contemplación, **a achegarse a él**. Esta doutrina é a que mandou poñer en práctica no **Panteón Real de Francia da Abadía de Saint Denis**, mediante a instalación dunhas **grandes vidrieras no ábside** que **proporcionaban o conxunto unha inusitada claridade**. O efecto foi tan sorprendente que, a partir de este momento, a maior parte dos mestres constructores intentaron emular o logrado en Saint Denis. Xurdiu así un novo estilo que sustitue o sistema constructivo das catedrais románicas. Mentres o **abade Bernardo de Claraval** indicando que as **construcións debían ser sinxelas e sin ornamentos**.



Cada unha das **interpretacións de cómo debía ser o interior das igrexas** deu lugar a unha **manifestación constructiva diferente e ambas coexistieron durante un tempo**:

- **Arte cisterciense**: grandes mosteiros rexidos pola orde do Cister (renovada por Bernardo de Claraval) construídos con **criterios de austeridade** e de carácter eminentemente **rural**.

- **Arte gótica**: **grandes catedrais**, seguindo as características creadas polo abade Suger na abadía de Sain Denis (1140). Un estilo que se foi modificando a medida que os avances técnicos permitían dar unha maior altura ás bóvedas sin facer peligrar a estrutura do edificio. Foron construcións levantadas nas **ciudades**, que se atopaban en **pleno proceso de crecemento**.

VER - VTR Vidrieras: <https://www.youtube.com/watch?v=sstdhxxK2H0>

1. A ARTE CISTERCIENSE

1.1. Orixe da arte do Císter e primeiras innovacións cara ao gótico.

Denominamos arte cisterciense ao **desenvolto polos monxes do Císter na construción das súas abadías a partir das primeiras décadas do século XII.**



A **orixe da orde relixiosa do Císter** sitúase no monxe bieito **Roberto de Molesmes** que en 1098 se instalou en Cîteaux para segundo el *restaurar a austeridade e a simplicidade da regra seguindo a Benito de Nursia renunciando á ostentabilidade e á riqueza dos cluniacenses* (orde de Cluny). O seu labor foi continuado por outros monxes entre os que destaca **Bernardo de Claraval** que fundou unha **abadía en Clairvaux** (1115) e que planificou e deseñou novas abadías.

Tódalas construcións debían **seguir as normas da orde** sinaladas por Bernardo de Claraval, debían de estar **desprovistas de calquera exceso ornamental e buscar espazos limpos e orixinais.**

A primeira característica da arquitectura debía ser a **austeridade construtiva absoluta.** Xurdiu así un estilo construtivo que se impuxo nos **mosteiros cistercienses** que se **difundiou rapidamente por toda Europa** como unha alternativa á vida cómoda dos monxes de Cluny.

Esta **arte monástica corresponde cunha etapa transitoria entre o último románico e o primeiro gótico** porque nos **inicios conserva elementos característicos do románico e introduce as primeiras innovacións góticas.** Con frecuencia comprobamos que **dentro da mesma abadía conviven as partes románicas coas góticas.** Os historiadores da arte en Galicia fan de *románico cisterciense*. Co paso do tempo, o románico foise abandonando

Entre as **novidades** que van introducindo os mosteiros do Císter debemos sinalar:


- A **austeridade decorativa** que leva a non admitir mais que as **formas propiamente arquitectónicas.**
- O emprego desde o comezo **das bóvedas de cruzaría propias do gótico e os arcos apuntados.**




- Utilizan a **columna de fuste e capiteis lisos**.
- As **portadas decóranse repetindo os elementos arquitectónicos como as columnas e as arquivoltas**, mesmo se lles **incorporan grandes rosetóns**, tamén anticipo do gótico pleno.




Catedral de Valencia



- **Prohíbense expresamente as torres**.
- Deseñan un **modelo de mosteiro** que admite poucas variantes e que ten como referentes por un lado, o **mosteiro de Clairvaux**, que segue modelos bieitos, con **ábsida semicircular** na cabeceira, con deambulatorio e capelas; e por outro, o **mosteiro de Citeaux de cabeceira cadrada**.




1. Atrio
2. Portada de acceso a la iglesia
3. Portada primitiva cegada
4. Lucillos de enterramiento
5. Crucero
6. Presbiterio
7. Ábside
8. Girola
9. Absidiolos
10. Pseudoabsidiolos
11. Portada de la sacristía
12. Coro
13. Nave de la Epístola, convertida en dependencias conventuales
14. Portada de salida al claustro regular
15. Claustro regular
16. Antigua sacristía
17. Sala capitular
18. Escalera de subida a la galería superior
19. Cementerio



1.2. O mosteiro tipo.

A vida monástica dos monxes vivíase en **clausura**, a súa espiritualidade ordenábase pola **regra: silencio, disciplina, obediencia ao abade, horario rigoroso** distribuído entre numerosos **rezos** en común, **lectura relixiosa e traballo manual**. As necesidades que presenta o cumprimento da regra son as responsables de que tódalas abadías sexan idénticas, é dicir, seguen un **programa tipo** ou **plano tipo** decidido por **Bernardo de Claraval**.

O primeiro edificio que materializou os **ideais da arte cisterciense** foi o **mosteiro de Fontenay** en Francia **rematado no 1134**. A partir deste momento serviu de modelo e todos os mosteiros foron edificadas **do mesmo xeito** con mínimas diferenzas.



1Igrexa; 2 Clasutro; 3 Refectorio; 4 Gran Sala 5 Dependencias



A disposición en planta é a seguinte: unha **gran igrexa** ao leste con un **claustro** arrimado; arredor do claustro distribuíanse as **dependencias comunitarias** fundamentais como o **refectorio** (lugar dedicado a comedor para os monxes), a **sala capitular** (lugar onde se reúnen todos os monxes), etc. Os pisos altos eran destinandos para os **dormitorios**.


As **adegas**, **almacéns**, etc. aparecían como **dependencias anexas** con frecuencia con **claustros secundarios**. O **acceso ao mosteiro é controlado e limitado** para os que non pertencen á comunidade (unha porta, un horario de acceso, unha recepción). Dentro do recinto **todo está pautado, ordenado e xerarquizado** e enfocado a conseguir o cumprimento da **regra da orde do cister**. Os mosteiros tiñan que ser **funcionais e autosuficientes** (rezo e traballo).

Entre todas, a **dependencia máis coidada** é a **igrexa**, a **casa de Deus**, que era para **uso exclusivo da comunidade dos monxes**, por iso **non ten unha entrada principal**, porque os monxes acceden desde dentro. Outras dependencias dos mosteiros tamén seguen os mesmos modelos:

Os claustros son o **centro da vida monástica** e desde eles accédese a tódalas dependencias. Trátase dunha **galería cuberta** de entre 25 e 35 metros de lado que se **abre interiormente a un patio central** por medio dunha galería corrida. As **bóvedas** nun primeiro momento foron de **canón apuntado**, pero pronto **pasaron a ser de cruzaría**. As **arquerías** primeiro foron de medio punto e agrupados de dous en dous arcos de descarga con contrafortes; posteriormente empregáronse **arcos góticos**.


A sala capitular é un espazo onde se **reunía toda a comunidade**. Está na planta baixa e na ala leste do claustro e a súa **bóveda é de cruzaría con nervaduras** que nacen en catro pequenas columnas centrais en ménsulas repartidas polas paredes laterais. Adoita ser **moi baixa e moi iluminada** dado que a **luz entra pola porta**, as **arquerías** abertas do claustro e a través das **ventás das paredes**.

Os exteriores son **sinxelos e prohíbese levantar torres** nas igrexas. **Só se permite polo cister un linternón** que case que non sobresaía das cubertas das naves. Os **muros están divididos por contrafortes** que se repiten ritmicamente en módulos iguais. **Todo o edificio está rodeado por un muro** a imitación da *Xerusalén Celeste*. (Imaxe tomada do libro *Crónicas de Núremberg* impreso no ano 1493)



2. OS MOSTEIROS DO CÍSTER EN GALICIA.

A orde do Císter coñeceu unha moi **rápida expansión apoiada polo papado, os nobres e algúns monarcas**. Axiña chegou a Galicia. No ano **1141 incorporouse ao cister o mosteiro de Oseira** e desde esta data **ata o primeiro cuarto do século XIII** dátanse a maioría dos **mosteiros cistercienses** en Galicia: **Sobrado, Melón, Armenteira, Montederramo, Oia, Meira, Xunqueira de Espadañedo, San Clodio, etc.**



Santa María a Real de Oseira



Mosteiro de Santa María a Real de Oseira (Ourense)



Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes (A Coruña)



Mosteiro de Santa María de Oia



Mosteiro Santa María de Montederramo




Mosteiro Santa María de Xunqueira de Espadañedo

A **expansión da orde en Galicia** contou co **apoio dos reis Afonso VII (1126-1157), Fernando II (1157-1188) e Afonso IX (1188-1230)** que estaban **interesados na ocupación de lugares despoboados** e que eran **adequados para asentamentos dos cistercienses** porque estes buscaban sitios arredados para dedicarse á vida **contemplativa** (estado espiritual que aparece nas persoas cando practican o silencio mental) e **ascética** (doctrina filosófica e relixiosa que busca purificar o espírito por medio da negación dos praceres materiais ou a abstinencia). Os **vales galegos con abundante auga dispoñían das condicións ideais para as fundacións**. Os **mosteiros galegos seguiron as normas de Bernardo de Claraval e o denominado *mosteiro tipo*** que vimos no apartado anterior. Agora ben, nalgunhas dependencias monacais galegas **mesturáronse elementos propios do Císter francés e outros autóctonos tomados do románico compostelá**.


2.1. A igrexa dos mosteiros do cister. Características.

As igrexas do cister adoptan a miúdo unha **planta cruciforme** con **tres naves no brazo maior e unha no cruceiro** (transepto). As igrexas de **Oia e Montederramo** presentan capelas rectangulares, xeralmente son cinco. As dúas de cada brazo teñen un remate recto e único, e destaca a central.

A partir da **segunda metade do século XII**, algunhas construcións adoptan para a **cabeceira solucións máis complexas**, por exemplo **deambulatorios** como atopamos en **Oseira ou Melón** por **influxo da catedral de Santiago** (1075-1211). Outras igrexas construíronse á marxe das directrices cistercienses.



Mosteiro de Oseira




Mosteiro de Melón




- **Cubertas** empregaron as **propias do cister**: con frecuencia **bóvedas de canón apuntado**; tamén se empregan as de **arestas, forno, cuarto de canón e nervadas**. As **bóvedas de cruzaría** son utilizadas noutras dependencias monásticas como as **salas capitulares**.




Bóveda canón apuntado




Bóveda de aristas



Bóveda de forno



Bóveda de cuarto de canon



- **Os alzados** das naves centrais son de **un só piso con arcos formeiros**.
- **Os soportes no interior** son **piases cruciformes** con columnas circulares encaixadas.
- Os **arcos formeiros e faixóns** adoitan ser **lixeiramente apuntados**. Os de **medio punto empréganse só para as xanelas**. A miúdo, **os soportes dos arcos truncan sen chegar ao chan** e rematan en ménsulas que admiten diferentes tratamentos nos que sempre predomina a **sobriedade**. Soportan o peso tamén **os muros e os contrafortes** no exterior.

- Nas igrexas (como en todas as do cister) había **varios coros** (o dos monxes e o dos conversos). Sempre se buscaba no interior unha luz monocroma, *luz branca* simbólica para a casa de Deus.

A **organización interna** das igrexas cistercienses adoita **reflectirse no exterior** por mor da **gradación de volumes** a partir do centro do cruceiro ou do tellado da nave maior. Os **muros artéllanse con rextos contrafortes prismáticos** que soben ata os beirados, nos que se colocan a parte de **canzorros sinxelos, arcos de medio punto** sobre os que apoian as cubertas. Nalgúns tramos ábreanse **ventás** que, ás veces, presentan un tratamento e unha decoración similares ás do resto do románico.

A **fachada occidental** presenta unha **porta con arquivoltas de medio punto decoradas** con variados **motivos ornamentais, xeométricos e vexetais**; na parte alta adoitase abrir un **rosetón grande** que contribúe en boa medida á iluminación da nave central ou ventás.

A **ornamentación das igrexas é sinxela**. Prescínlese dos **capiteis historiados** propios do románico e dominan os **decorados con motivos vexetais e mesmo os lisos**.

2.2. Os claustros e salas capitulares.

O **claustro** é unha dependencia importante dos mosteiros, adoita estar **apegado ao muro sur da igrexa e arredor del sitúanse as outras dependencias monásticas**. O mesmo que sucede en Galicia con outras partes dos mosteiros, **non se conservan os claustros dos séculos XII e XIII**. Os **actuais son froito das modificacións dos séculos XVI, XVII e XVIII**.

En canto ás **salas capitulares**, só se conserva algunha con parte da **fábrica medieval**. A do mosteiro de **santa María de Oseira pertence a finais do século XV**. Presenta, como todas as do cister, unha **planta cadrada dividida en nove compartimentos** por medio de catro columnas centrais.

A súa **orixinalidade** está nas **columnas** e nas **bóvedas**. As **columnas estriadas e torsionadas** de molduras retorcidas, decoradas con **flores cuadrifolias** (de catro follas), asentan sobre **bases cilíndricas lisas** e **sustentan as bóvedas directamente sobre o fuste sen capiteis**. As bóvedas son de **cruzaría de nervios**.



A influencia entre a arte do Císter e a arte galega do momento foi significativa. Así, están claros os **intercambios entre a catedral de Ourense e o mosteiro de Oseira** ou entre o mosteiro de **Meira e a catedral de Mondoñedo**. Tamén a arte cisterciense tivo **influencias sobre as igrexas rurais** das áreas limítrofes.

PRÁCTICO: Interior da igrexa do Mosteiro de Oseira.



1. Clasificación.

Arquitectura relixiosa medieval galega, século XII e XIII (1137 /1141-1239) pertencente á **arquitectura cisterciense**. Trátase da **igrexa do Mosteiro de Santa María de Oseira** situado na provincia de Ourense, primeira fundación do Císter en Galicia.

2. Contexto histórico.

A arquitectura cisterciense comeza o seu desenvolvemento a mediados do século **XII** coincidindo así coa **plenitude do románico**, co **primeiro gótico francés** e cunha **etapa de grandes transformacións** económicas, sociais, políticas e culturais-relixiosas.

Dentro da propia Igrexa Cristiá xorde a *necesidade de transformarse*, nace así a **Orde relixiosa do Cister** en Francia. O monxe bieito **Roberto de Molesmes** (un dos fundadores do mosteiro de Citeaux) primeiro e posteriormente **Bernardo de Claraval** (Clairvaux) **fundan e organizan o Cister fuxindo da riqueza, a opulencia e a ostentividade do clero medieval** en busca de **austeridade e simplicidade** da primeira Igrexa de Xesús.



Abadía de Cîteaux (Roberto de Molesmes foi un dos seus fundadores)



Abadía de Clairvaux (Bernardo de Claraval)

Renovan a regra bieita e esixen que o **monxe viva en clausura a súa espiritualidade**: silencio, disciplina, obediencia ao abade, horario rigoroso, rezos,... e traballo manual. O cumprimento desta regra lévaos á **construción de abadías case idénticas por toda Europa**. Todas dispoñen das **mesmas dependencias**, é o que se denomina ***Mosteiro tipo*** dotado de: igrexa, claustros, refectorio, sala capitular, dormitorios, almacéns, ... todo **dentro dun recinto cerrado** sempre situado nunha **área ben dotada para o desenvolvemento da agricultura**. Son tódolos **mosteiros funcionais e autosuficientes** (rezo e traballo) e, **superado o século XIII**, vanse **converter en centros de poder** económico, político e relixioso-cultural.

Desde o punto de vista arquitectónico, os mosteiros do Cister introducen **novidades** como: a **austeridade decorativa**, o emprego desde o comezo das **bóvedas de cruzaría propias do gótico** e os **arcos apuntados**, a **columna de fuste e capiteis lisos**, nas portadas **incorporan grandes rosetóns**, tamén anticipo do gótico.

En **Galicia**, a orde do Císter coñeceu unha moi rápida expansión **apoiada polo Papado, os nobres e algúns monarcas** interesados en que se habitara o territorio que se atopaba despoboado. Eran espazos ideais para os monxes cistercienses que buscaban lugares aillados para dedicarse á vida ascética e contemplativa.

Os mosteiros galegos seguiron as normas de Bernardo de Claraval e o denominado *mosteiro tipo* como se viu no parágrafo anterior. Agora ben, nalgunhas dependencias monacais galegas mesturáronse elementos propios do Císter francés e outros *autóctonos* tomados do románico compostelá (como por exemplo en Oseira). **O mosteiro de Oseira foi a primeira fundación do Cister en Galicia**. Con anterioridade, había alí un pequeno mosteiro bieito ao que lle **doou as terras o rei Afonso VII**. O favor doutros monarcas como Fernando



II e Afonso IX xuntamente con numerosas doazóns e compras realizadas polos monxes posibilitou a súa expansión. Os séculos **XIV, XV e XVI** foron **problemáticos para Oseira** como para case **todo os mosteiros galegos**. Ademais, un **incendio en 1552 (XVI)** destruíu **tódalas dependencias salvo a igrexa**.

A **reconstrución prolongouse durante os séculos XVI a XVIII** dacordo cos estilos arquitectónicos de cada momento (**renacemento, barroco e neoclásico**). A **desamortización de 1835** (entre 1834 e 1854 produíxose a desamortización eclesiástica de Mendizábal e Espartero con leis e decretos de disolución das ordes relixiosas e a declaración como bens nacionais das súas posesións) **fixo que as instalacións monacais fosen abandonadas**. A súa recuperación comezou no ano 1929 coa instalación dun novo grupo de monxes cistercienses e proseguíu ata hoxe.

Polo tanto, **o que se conserva pertencente ao denominado arte cisterciense é a igrexa** que segundo fontes documentais parece que se **comezou a construír en 1185** e foi **consagrada no 1239** o mesmo ano que a capela anexa do santo Andrés.

3. Análise.

As características deste **templo monacal seguen as regras establecidas polo Cister**. Pero, tamén presenta diferenzas importantes como veremos, probablemente debido á **influencia que exerce o modelo da catedral de Santiago**.




Planta:

De **cruz latina con tres naves lonxitudinais e unha no cruceiro**. As naves laterais (lonxitudinais) son moi curtas, baixas e estreitas comparadas coa lonxitudinal e a do cruceiro. A **cabeceira** presenta unha **espléndida capela maior** que ten todo ao seu redor un **deambulatorio** amplo ao que se abrían (planta orixinal) **cinco capelas radiais**. A dependencia do modelo de Santiago parece que é clara.

Material:

Pedra de cantería como esixen para as igrexas as normas do cister.



Organización do interior:

- **Soportes:** As naves están separadas por piares compostos de sección cruciforme con columnas encaixadas. Levántanse sobre bases de tipo ático e teñen os plintos decorados con motivos xeométricos ou vexetais: entrelazos, zigzags, etc. Sobre os piares van os arcos formeiros apuntados, dobrados e coas arestas molduradas.

Os capiteis nos que desacansa o arco formeiro e tamén os arcos en faixa levan unha vexetación estilizada e sobria a base de follas de diferente tipo. Os cimacios adoitan quedar lisos. Estes piares tamén serven para articular o espazo das naves en tramos.



- **Naves lonxitudinais:** son tres, unha central máis ancha e alta que as dúas laterais, máis curtas e baixas. As tres están cubertas por bóveda de canón apuntado reforzadas por arcos en faixa. Aparecen divididas en sete tramos ben diferenciados tanto en alzado (polos piares, os arcos formeiros apuntados e dobrados, as columnas encaixadas) como na cuberta por medio dos arcos en faixa tamén apuntados. A nave central está iluminada directamente polas ventás do muro norte na parte alta e indirectamente a través dos vans da nave lateral.




- **A nave do transepto.** É unha soa nave co mesmo largo cá maior e cada brazo articúlase con dous tramos de diferente lonxitude. Cuberta tamén con bóveda de canón apuntado reforzado polos arcos en faixa apuntados que estean en capiteis similares aos da nave.

Nos extremos da nave do cruceiro e no muro oriental ábrese portas baixo arcos de medio punto sen



motivos ornamentais. Sobre unha das portas ábrese un óculo que enche de luz o brazo norte do cruceiro. A superposición de porta e óculo é habitual nas igrexas cistercienses.



A través destas portas íase ás dependencias monacais, ao cimiterio e ao tellado.



No tramo central da nave **sobre o cruceiro**, vai unha **cúpula nervada sobre trompas** que se asenta sobre un polígono de 16 lados. No medio de cada lado, apoia un nervio moldurado por lóbulos arredor dun botón central. No muro oriental do cruceiro ábrese **arcos de acceso ao deambulatorio** aos que no barroco se lle antepuxeron uns retábalos (mediados do século XVIII).

- **O presbiterio e a capela maior.** Un gran **arco central apuntado** leva á capela maior que está no presbiterio. Este consta de dous tramos desiguais, o primeiro máis curto que o segundo, que se abren por medio de **arcos apuntados dobrados ao deambulatorio**. Cóbrese con **bóveda de cruzaría cuatrimpartita de nervios** e con clave ornamentada por motivo floral con botón central. Estes nervios parece que se apoian nos **capiteis- ménsula** colocados xunto aos capiteis de **arco triunfal** e **dos faixóns**, pero en realidade acaban por se embutir nos muros.

No **semicírculo** da capela maior levántanse **seis columnas** cos

fustes curtos, sobre o banco de fábrica que a limita. As bases repiten o modelo ático e os capiteis quedan lisos ou presentan follas estilizadas. **Nestas columnas apóianse arcos apuntados**. Os arcos maiores acaban sobre os cimacios e orixinan unha organización non frecuente que permiten pasar da planta semicircular a un alzado poligonal que é o que presentan os muros superiores da capela maior.

Os ángulos aproveítanse para colocar **as pequenas columnas nas que estean os nervios da bóveda** e que parten de ménsulas de tamaño pequeno dispostas sobre os extradorsos dos arcos. Os **nervios da bóveda** coinciden nunha clave decorada con diminutos arabescos con botón central. **Entre os arrinques dos nervios ábrese ventás abucinadas**, coroadas por arcos de medio punto. Hoxe nesta capela loce unha arquitectura limpa e núa característica do cister e unha imaxe pétrea da Virxe do leite pertencente ao gótico do s. XIII.



- **Deambulatorio.** Desenvólvese arredor da capela maior con arcos de acceso **apuntados**, que abren fronte ás naves laterais ás que parece dar continuidade. Cóbrese con **bóveda de cruzaría** e os nervios acaban nunha ménsula. O **semicírculo do deambulatorio** cóbrese con **bóveda de cuarto de círculo** reforzada por **arcos faixóns** de arestas abocetadas que delimitan os tramos correspondentes e estean en columnas encaixadas que repiten as bases e capiteis xa vistas. **Cinco capelas radiais** abríanse ao deambulatorio con arcos apuntados.

- **En conxunto**, era un **interior ben iluminado como esixían as normas do cister** (luz simbólica) porque **posuía iluminación directa a través das ventás abertas nas partes altas dos muros da nave central**, nos **extremos da nave do cruceiro**, no **deambulatorio** e tamén na **capela maior**.

A **decoración**, como vimos, é **sinxela e austera como tódalas do cister** e colocada **en partes moi concretas**: **capiteis, molduras das ventás, claves de arcos**, etc. Os **motivos** son **vexetais** (follas,...) ou **xeométricos** (zigzags, círculos secantes, rodas de raios curvos, etc.). **Excepcionais son unhas sereas-paxaros de pescozo e rabo longo nun capitel do brazo sur**.

A **complexidade do interior da igrexa reflíctese no exterior** a pesar de que **a metade da cabeceira está oculta por construcións posteriores e de que o resto está alterado polas reformas**. Na **cabeceira destaca a gradación de volumes**: desde o **cruceiro** está a **cúpula poligonal máis alta**; a **continuación**, aparece o **remate da capela maior** e por último, o **tellado do deambulatorio**.

Nos **muros ábrense**, a diferente altura e de distinto tamaño, as **ventás** xa citadas no interior: as do **deambulatorio**, da **capela maior**, dos **brazos do cruceiro** e das **naves lonxitudinais**. Estas **ventás** parecen enmarcadas por **contrafortes de diferente tamaño** que axudan a suxeitar as bóvedas interiores arrastrando o peso cara o chan. Sobre o **cerre da capela maior**, ademais de **contrafortes prismáticos**, podemos ver **esveltas columniñas**.

O **exterior das naves** tamén presenta **unha gradación de volumes** que permite a **iluminación directa** de cada unha delas. Os **beirados** teñen **canzorros**. A **decoración exterior é semellante á do interior, sinxela, vexetal e xeométrica**.

A **igrexa do mosteiro de Oseira influíu nun importante número de templos**. Algúns están próximos no espazo como poden ser a **igrexa monacal de san Pedro de Dozón** ou a de **Asperelo**. Pero, tamén chega a súa influencia máis lonxe como á **igrexa do mosteiro de Melón** (deshabitado dende a desamortización de Mendizábal).



Monasterio de San Pedro de Vilanova de Dozón



Exterior da Igrexa do mosteiro de Melón





VTR 1: MONASTERIO DE OSEIRA (8 min.)

<https://www.youtube.com/watch?v=NqMG2EebpAM>

https://www.youtube.com/watch?v=InB85UZq_e8

VTR AÉREO

<https://www.youtube.com/watch?v=wUgUfxJEA5I>